



Modificación das programacións didácticas do curso 2021/2022

DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA.

Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

1. Procedemento para seguimento da recuperación das materias/ámbitos pendentes.

1. O Departamento proporcionou ao alumnado coa materia pendente actividades que se axustaban aos criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe da PD de Lingua Galega do 2020/21 que foron realizando ó longo do curso. As actividades foron revisadas e avaliadas polo profesor correspondente ao curso no que están matriculados. Se neste proceso de avaliación continua o alumnado alcanza os obxectivos establecidos, terá superada a materia pendente.
2. Dado que na área de Lingua Galega e Literatura os contidos son progresivos, consideraráselles superada a materia pendente do curso anterior a aquel alumnado que obtivera avaliación positiva nas dúas primeiras avaliacións na materia de Lingua Galega e Literatura do curso no que está matriculado.
3. Se o alumnado non superase a materia pendente despois de aplicar os apartados 1º e 2º, deberá realizar unha proba sobre os contidos mínimos traballados nas actividades o 23 de maio.

En caso de non superar a materia pendente por ningún dos tres procedementos anteriores, durante o período comprendido entre a terceira avaliación (8-9 de xuño) e a avaliación final (23 de xuño) realizaremos actividades de reforzo con este alumnado para que poida superar a materia pendente na proba que se realizará o luns 20 de xuño.

2. Criterios xerais nas actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría para o período comprendido entre a 3ª avaliación e avaliación final na ESO.

Alumnado coa materia superada:

1. Actividades que lles permitan consolidar o aprendido durante o curso e mellorar as súas competencias.
2. Actividades de ampliación con contidos que non deu tempo a tratar ou que se trataron de forma superficial.

A realización destas actividades permitiralles ao alumnado subir a nota da avaliación final.

Alumnado que non teña a materia superada:

Para este alumnado elaboraremos un plan de recuperación e reforzo consistente en:

1. Actividades de repaso sobre os contidos básicos e imprescindibles para que poidan seguir con éxito a materia nos cursos seguintes.
2. Reforzo para o alumnado que teña máis dificultades na asimilación deses contidos.
3. Realización dun exame ou traballo final para poder obter unha cualificación positiva na materia na avaliación final.

A nota numérica da avaliación final será unha media das puntuacións das avaliacións trimestrais, así como da consecución de obxectivos e adquisición das competencias básicas e das evidencias dos estándares de aprendizaxe que o alumnado mostre neste plan de recuperación e reforzo.

A Cañiza, 28 de marzo de 2022

Asdo.:

Tania Vázquez García

Antía Álvarez Moure

Concepción Moure Martínez